

Material necesario




Os deportistas deberán desprazarse co seu equipo individual para progresión horizontal e vertical, así como co material colectivo necesario para acceder ás covas que desexen visitar durante o Campamento.

A pernocta realizarase no camping “O Acampamento”, sito en Seoane do Courel.

A organización xestionou a pernocta en tenda. Os deportistas deberán vir provistos de tenda e do material de acampada necesario. Outro tipo de aloxamento deberá ser contratado directamente polos interesados.

Localización



O Acampamento O Caurel / Serra do Courel.
Esperante s/n C.P. Folgoso do Courel. Lugo
Coordenadas UTM PH52 / Latitud : 42 38 | Longitud : -7 08

Máis información e reservas alleas ao Campamento: 982 433101

XLVIII Campamento Galego de Espeleoloxía

Seoane do Courel, 6 -7 de xuño 2015



Día Mundial do Medio Ambiente 2015

“Por unha espeleoloxía responsable e de baixo impacto”



Campamento galego

Introducción

XLVIII Campamento Galego de Espeleoloxía

Dende 1972, o 5 de xuño de cada ano celébrase como o día mundial do medio ambiente (WED: *World Environment Day*; DMMA: Día Mundial Medio Ambiente). No 2015 iste día celébrase baixo o lema:



United Nations Environment Programme
World Environment Day
Every Year. Everywhere. Everyone.

Sete mil millóns de sonos. Un so planeta. Consume con moderación.
Seven Billion Dreams. One Planet. Consume with Care.

Tamén un novo ano, o noso Campamento Galego de Espeleoloxía coincide na fin de semana próxima ó DMMA, polo que nun 2015 que se estrenou con medidas de control de acceso ás covas situadas en zonas ZEP/LIC, queremos adicar o campamento a promover a protección, conservación, e minimización do impacto durante as actividades baixoterreñas. Damos así continuidade ás accións/campañas de sensibilización sobor da necesidade de protexer iste sensible medio, onde ademáis un dos primeiros eslabóns na protección somos os propios espeleólogos.

Convidámosvos a unha rápida reflexión sobor do que podemos ver destruído ou alterado. Unha medida do que se pode perder en calquera acto vandálico ou simplemente accidental: Os traballos do *Instituto Universitario de Xeoloxía "Isidro Parga Pondal"* da Universidade de A Coruña, cos que colaboramos dende 2002, amosáronnos que no Courel as estalagmitas medran aproximadamente entre 0,9 e 1,1 mm cada 1.000 anos. Somentes na zona subglaciar do Courel datáronse formacións de máis de 550.000 anos, o que fai que as nosas covas sobreviviran cando menos a tres glaciacións.

Con isas velocidades no seu medrar é doado ver como, por exemplo, algunha das formas esnaguizadas na *Cova Grande* de Santalla (Samos) ¡poderían superar 1.500.000 anos de idade! ... E hai que lembrar que para que a cova se "decore" de espeleotemas, primeiro ten que existir o oco baixo terra.

Na Declaración Internacional dos Dereitos da Memoria da Terra (*International Declaration of the Rights of the Memory of the Earth, Dige-1991*) dicíase: "*Para aprender sobre o pasado da Terra, para ler ese libro escrito antes da nosa aparencia.... Iso é o noso patrimonio xeolóxico*".

Por tanto as pintadas dos "malos" turistas, os destrozos de espeleotemas, a exploración irresponsable, e mesmo os accidentes e incidentes evitabeis, contribúen a destruír testemuñas que percorreron máis de 2.000.000 anos da nosa historia xeolóxica. E non é unha exaxeración.

Estamos nun mundo cambiante no que se aprecia unha rápida evolución no clima. Ista grande estalagmita da *Cova Grande de Santalla*, por exemplo, contiñan un rexistro paleoclimático (climático e paleoambiental) continuo que se perdeu. A súa rotura foi como queimar unha biblioteca con textos únicos e irremplazabeis. Alén do efecto estético brutal da alteración da paisaxe baixoterreña, a destrución desa cova privou a Galicia dun anaco da súa historia.

En Santalla fixeron falla dúas expedicións (2010), 15 personas, moitas horas de ensaios previos (2009), e unha boa cantidade de recursos, para restituir á súa posición orixinal unha das grandes estalagmitas esnaguizadas uns anos antes pola barbarie anónima.

No 2014 organizamos o XVIII Campamento de Espeleoloxía Infantil e Xuvenil, baixo o título "*As covas: Patrimonio natural a coñecer, protexer e entender*". Nenos e non nenos puideron apreciar a reconstrucción da estética baixoterreña, e que nembargentes non restituíe o patrimonio natural danado.

Polo tanto, cremos importante promover neste campamento de 2015, no DDMA, a necesidade de implicarmos todos en pro dunha espeleoloxía máis responsable e sostible: Evitar o dano evitable.



Pegando unha cortina. Cova "Without a Name", Texas, fotos de George Vini. "Cave Minerals of the World, 2 nd Edition, Carol Hill and Paolo Forti. National Speleological Society, Huntsville, AL, 463 p. ISBN number: 1-879961-07-

XLVIII Campamento Galego de Espeleoloxía

Datas e lugar de realización.

O Campamento celebrarase no Courel, en Seoane do Courel, os días 6 - 7 de xuño de 2015.

Data límite de inscrición no Campamento.

Por motivos organizativos a data límite de inscrición é o **25 de maio de 2015** as 24:00 horas.

Regulamento.

Para poder participar no campamento é imprescindible estar en posesión da Licenza Federativa de Espeleoloxía do ano en curso expedida pola FGE ou calquera outra licenza análoga de espeleoloxía recoñecida pola FGE. Os menores de idade precisan de permiso paterno (que custodiará o club) e acudir tutelados por un adulto.

Os participantes virán equipados co material espeleolóxico de progresión horizontal e vertical. Tanto individual como colectivo.

A organización non se responsabiliza de posibles accidentes.

Calquera outra situación ou dúbida non prevista por este Regulamento será resolta pola organización.

Non esquezas: Realizar un traballo en equipo, fundamento da exploración espeleolóxica.

Cuota:

Cuota de participación 12 €, que inclúe pernocta (noite do sábado pro domingo), almuerzo do domingo e cea do sábado.

Inscricións:

As inscricións realizaranse por correo electrónico en cetra@cetra.es

Aclaracións por correo electrónico ou no teléfono 986 231 876



Clube de Espeleoloxía A Trapa (CETRA)



Manuel de Castro, 8 – 3º Dereita, 36210 VIGO (Pontevedra)

Correo electrónico: cetra@cetra.es

Páxina Web: <http://www.cetra.es>

Algunhas covas da zona relativamente inéditas e que poden ser ben interesantes de visitar:





Venres 5 de xuño

19:00 – 21:00 Montaxe exposición (*).

Sábado 6 de xuño

09:00 – 10:00 Recepción dos participantes.
 Organización grupos visitas.
 10:00 – 19:00 Actividade espeleolóxica libre.
 19:00 – 21:00 Recollida de datos.
 Exposición: "Protección e restauración das covas."
 21:00 - 23:00 Cea de confraternización.

Domingo 7 de xuño

08:00 – 13:00 Actividade espeleolóxica libre(**)
 13:00 – 13:30 Clausura do campamento.
 14:00 – 16:00 Xantar.

Nota (*): En función do espazo dispoñible disporanse paneis informativos sobre a protección e restauración das covas.

Nota (**): Actividade alternativa. Probas de topografía cun *LaserAce 1000 RangeFinder - Trimble Navigation* na cova do Eixe (Mercurín): Calibración *in situ* da bruxola integrada, topografía da primeira sala, ...

